AS CONTAS QUE CONTAN

O PROFESORADO SUBSTITUTO, DESPREZADO POLA XUNTA E POLOS SINDICATOS ASINANTES DO ACORDO DE PERSOAL INTERINO

A CIG- ENSINO RECLAMA UNHA MESA SECTORIAL ESPECÍFICA PARA ABORDAR A SITUACIÓN DESTE COLECTIVO, A COBERTURA DE VACANTES E A PLANIFICACIÓN DAS LISTAXES DE SUBSTITUCIÓN

No ano 2027 o proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta volve incorporar a negativa ao pago dos meses de verán ao profesorado que ao longo do curso completa cinco meses e medio de traballo. A Xunta rexeitou o pasado ano unha emenda que o sindicato trasladou na negociación orzamentaria no marco da Mesa Xeral da Función Pública e que volverá presentar ao proxecto de orzamentos para 2027.

Cumpríronse 15 anos desde que se aboliu este dereito para o profesorado substituto, un logro da loita do persoal temporal despois de catro xornadas de folga nos anos 2004 e 2005, acampadas diante da Xunta e un peche de até 23 días no IES Rosalía de Castro promovidos pola CIG-Ensino.

É fundamental que se implemente o dereito á restricción por área xeográfica sen xustificación para facilitar a conciliación familiar e laboral. Trátase dunha medida que dende a CIG-Ensino levamos tempo solicitando a custe cero para a Consellaría e que o colectivo substituto vén demandando insistentemente.

O sindicato denuncia que as adxudicacións do programa Proa+ sexan practicamente todas a media xornada ou, se é completa, con centros compartidos, ás veces de primaria e secundaria, o que supón dificultades organizativas para os centros e un incremento da precariedade para este persoal.

Moitas interinidades que tiñan que ser adxudicadas no CADP ou nos primeiros días de setembro foron atrasadas varias semanas, deixando aínda a día hoxe a alumnado sen clase sobre todo en Formación Profesional e Ensinanzas Artísticas. Ademais, a Consellaría este curso non só non está a cubrir as baixas de menos de 15 días, unha práctica denunciábel, senón incluso as que superan este período “alegando que non atopa persoal”.

O persoal PROA+ nin sequera estivo contratado todo desde o día 1 de outubro debido á lentitude nos chamamentos e nomeamentos e vai ser cesado o 30 de xuño, privándoo do dereito a cobrar as vacacións do verán despois de estar todo o curso en situación moi precaria.

A CIG-Ensino reclama que se habilite o pagamento extraordinario das nóminas a todo o persoal substituto que tivo un nomeamento en setembro e non cobrou ese mes porque non é de recibo que unha administración pública obrigue a pagar por traballar ao seu persoal durante dous meses.

A CIG-Ensino reclama que o persoal substituto cobre os complementos por cargo que desempeñe (xefatura de departamento, equipo directivo, coordinacións retribuídas) e que computen a todos os efectos para o CXT.

Mentres non se acada o corpo único A1 para todo o persoal docente, o persoal substituto do grupo A2 que traballe en Secundaria ou EPAPU (exemplo, PT e AL) debe cobrar o mesmo complemento da persoa titular.